



## Incendios forestais. Nova política forestal para Galicia, e axudas directas aos propietarios de montes

No país veciño (Portugal), vimos arder hectáreas e hectáreas de terreo e morrer máis de 60 persoas quedando centos de feridos, no ano 2017. Agora de novo, máis terra queimada, sete mortos e un gravísimo ataque ao medio ambiente.

No noso País lembramos aínda a vaga de incendios do ano 2006, con catro mortos e máis de 91.000 hectáreas de terreo queimadas.

Isto ben a conto agora pola defensa que está a facer o Partido Popular da instalación da megapapeleira Altri no noso País. No canto de dar facilidades á instalación desta multinacional estranxeira, debería trazar unha política forestal axeitada para Galicia e os seus recursos ambientais, paisaxísticos e económicos.

Con Altri en Galicia, teríanse que incrementar substancialmente as plantacións de eucaliptos (ou é que van pechar Ence-Pontevedra ou Ence-Navia?). Polo momento negan que precisen plantar máis, pero igual que mentiron cos postos de traballo a crear (rebaixaron os 5.000 prometidos inicialmente aos 250-500 que din agora), a súa intención é multiplicar as plantacións de eucaliptos no noso país, aumentando así o risco de incendios e as súas consecuencias.

Se ben a causa directa dos incendios forestais non é a existencia mesma das plantacións de eucaliptos, estes si favorecen que a súa magnitude e perigosidade, a destrución do chan pola alta combustión e a contaminación posterior das augas, sexan de consecuencias catastróficas.

É necesario tamén recoñecer que os propietarios dos montes en toda Galicia, van estar sempre con maior disposición de facer plantacións de especies, e alugar ou vender as súas terras a negocios que garantan un maior rendemento directo e o máis pronto posible.

Para que as políticas de cambio de modelo forestal teñan éxito e poidamos evitar que en Galicia se produzan incendios como os que asolan Portugal cada certo tempo, propoñemos que se resolva da maneira máis urxente posible o seguinte:

1. Concluir nun período de 4 a 8 anos as **concentracións parcelarias** das terras galegas.
2. Planificar a **distribución de especies en función das condicións de cada zona**, garantindo a biodiversidade de forma indefinida.
3. **Garantir a rendibilidade a todos os propietarios das terras**, en función das especies e do espazo dedicado á masa forestal, mediante subvencións directas igual que se doutro sector estratéxico se tratase.
4. Traballar para **concienciar á sociedade sobre a importancia de manter unha produción coidada, ordenada e sostible do monte**; para que os case 1,5 millóns de hectáreas arboradas, que representan o 50% da superficie de Galicia, sexan unha fonte de recursos e benestar para o País.
5. Compensación aos propietarios de **terras afectadas directamente polas “autopistas da enerxía” (liñas de alta tensión)**, ben polas empresas propietarias das liñas ou pola Xunta previo recadación impositiva as produtoras da enerxía.

Fagamos producir o noso agro en equilibrio e aproveitemos os nosos recursos naturais que son moitos e ricos.

Temos enerxía, vento, terra, mares; poñámonos a traballar con sentidiño e fagamos un País posible, rico e próspero para hoxe e para o futuro.

**Galicia a 22/09/2024**

**Consello Nacional do Partido Galego**